

## Sociolingüística

Henrique MONTEAGUDO, *Historia social da lingua galega. Idioma, sociedade e cultura a través do tempo*. Editorial Galaxia, Colección Manuais, Vigo, 1999, 563 páxinas.

Botábase en falta unha reflexión diacrónica que revisase á luz dos modernos estudos sociolingüísticos as teorías herdadas sobre as relacións entre lingua e sociedade en Galicia. Resultaba necesario volver criticamente sobre interpretacións do noso pasado que, rastrexables aínda en obras actuais, en pouco se distancian moitas veces das elaboradas nos anos trinta do século pasado por Risco ou Castelao, provocando no lector unha sensación de permanente *déjà vu*. Semellaba igualmente preciso superar algunhas visións desenfocadas do noso pasado sociolingüístico. Nuns casos por pertencer a autores de tradición nacionalitaria non galega. Noutros, porque a pesar de partir de investigadores nacionais, respondían ós intereses doutras disciplinas e, como demostra Monteagudo, as hipóteses e periodizacións que resultan eficaces para a literatura, a economía ou a historia política non sempre fan xeito para a sociolingüística.

A obra, que nace para intentar paliar esas carencias, preséntase como unha reflexión sobre a historia social da lingua que privilexia os aspectos socio- e ideolingüísticos sobre os propiamente lingüísticos. O carácter programático da publicación faise patente nas frecuentes reflexións metadisciplinarias presentes na Introducción, na que o autor leva a cabo unha cuidadosa delimitación do obxecto de estudo, dos conceptos básicos con el relacionados e do seu criterio de aproximación. É de agradecer unha explicitación deste tipo, especialmente oportuna cando se manexan nocións que, lonxe de seren universais, sabemos de natureza culturalmente dependente.

O enfoque analítico avanza en ámbitos de concreción progresiva. Princiábase sempre no *panorama* europeo —que se contempla como macrocontexto histórico de fondo— para pasar despois ó *marco* peninsular e ocuparse finalmente do *escenario* histórico-lingüístico galego. A unidade e diversidade do espacio lingüístico latinorománico; o proceso de elevación das linguas de Estado, as repercusións na cultura lingüística ou consciencia metalingüística derivadas do proceso de construción e afianzamento dos estados liberais burgueses no s. XIX, e, por último, o estudio dos distintos posicionamentos provocados ante a oficialización e o uso escolar da lingua galega no período que o autor denomina *de entreguerras* (1916-1936), constitúen os escenarios fundamentais de reflexión da obra. Sen embargo, desilusiona comprobar que o estudio remata no ano 1936. Por moito que o autor prepare un *Manual de Sociolingüística Galega*, tal e como anuncia nas páxinas iniciáis, iso non xustifica suficientemente a súa renuncia ó comentario dos dous últimos tercios do século XX.

En conclusión, Henrigue Monteagudo contribúe coa súa perspectiva socio-lingüística ó labor de reconstrución do noso pasado histórico que hai anos se vén desenvolvendo noutras materias académicas, e ofrece unha revisión das relacións entre lingua e sociedade en Galicia que cuestiona convincentemente rutinas de achegamento herdadas, criterios hermenéuticos confusos ou pouco eficientes e algún que outro tópico autocompracente para ofrecer un conxunto sólido e en moitos casos reveladorxeral.

Serafín ALONSO PINTOS